

Compostela, 31-III-71

Querido Luis:

Acabo de recibir a túa resposta aos ataques que che fixeron nas páxinas de "A Nosa Terra". Vexo que te magoaron - cousa ben natural -, e confésioche que o sinto moito, porque ninguén que te coñeza pode facer outra cousa que despreciálos.

Si a limpa e fecunda emoión galega que foi enchendo a túa vida, e dándolle craro sentido á túa obra, non merece admiración e respecto a quen se a coñecen, mal andan as cousas pra nós. E coído que ahí en Bos Aires teñen motivos pra coñecer, de donde se sigue que as nosas cousas non andan ben ahí. Afortunadamente, os ataques non responden a un sentir colectivo. Estón seguros de que se contarán cos dedos de man os que os enviaban, e sobrarán dedos. Non pode ser de outra maneira. Tanto ahí como eiquí somos moitos os que te coñecemos, ou reñe, moitos os que despreciamos por estúpidos tales ataques.

Alegrámonos saber que viveades en mais. E alegrámonos moito mais poder darvos unha aperte mais forte e máis cordial que nunca

Isabel e Ramón